

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Escusa asistencia D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

#### 2º.- Instancias de obras de particulares

##### 2.1.- Instancia num. 548/10 de don Carlos García Taboada

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción de peche de parcela, de aproximadamente 50 mts lineais, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Laraño en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas



de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con once céntimos (#31,11#)

## 2.2.- Instancia num. 516/10 de don José Carrillo Pulleiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción de peche de parcela, de aproximadamente 240 mts lineais, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Trasariz, en solo de expansión de núcleo rural (N2) e solo non urbanizable de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e nove euros con trinta e tres céntimos (#149,33#)

## 3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de actividade e obra para actividade de adegas elaboradora e embotelladora de viño en Dozar


Téndose solicitado por Esperanza Lema Bouzas, licenza municipal para instalación da actividade de ADEGA ELABORADORA E EMBOTELLADORA DE VIÑO, no lugar de Dozar (San Miguel de Sarandón) e ACONDICIONAMENTO DE LOCAL para tal fin.

Tendo en conta que se tramitou o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental e foi remitido este ó órgano ambiental competente.

A Xunta de Goberno acorda:

### 1.- Licenza da actividade:

Concederlle a dona Esperanza Lema Bouzas, licenza de actividade para ADEGA ELABORADORA E EMBOTELLADORA DE VIÑO, no lugar de Dozar (San Miguel de Sarandón), condicionada ao cumprimento do disposto no proxecto presentado para os efectos, firmado por Isaac Rodríguez Silva en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e ó disposto na resolución ditada polo Xefe Territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con data 12 de abril de 2010 e na que se resol-



ve a non necesariedade de someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental aínda que deberán terse en conta medidas correctoras que se sinalan na resolución e que se notificará á solicitante xunto co contido do presente acordo.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa Acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitar e presentar a documentación precisa para garantir que a instalación se axusta ó proxecto aprobado e á licenza concedida, así coma ás medidas correctoras adicionais impostas no dictame de incidencia ambiental, nos termos do disposto no artigo 18 do Decreto 156/1995, do 3 de xuño de inspección ambiental.

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan, e ó órgano emisor do dictame de incidencia ambiental.

## 2.- Licenza da obra.

A obra solicitada por dona Esperanza Lema Bouzas para acondicionamento de local para adega elaboradora e embotelladora de viño no lugar de Dozar (San Miguel de Sarandón), emprazada en solo de núcleo rural de finca singular ( Ordenanza N3), segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos termos do proxecto presentado asinado por Isaac Rodríguez Silva en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e con un orzamento de 11,605.00 euros, cumpre dende o punto de vista técnico o plan xeral deste concello.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e dous euros con dez céntimos (#232,10#).

**4º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación definitiva de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2010.**

**4.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.**

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ó padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2010*, formados una vez rematada a súa exposición polo prazo dun mes (dende a publicación do correspondente edicto no BOP núm. 51, do 17/03/2010) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2010*, coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 1.912.

Importe total do padrón: 132.043,53 euros.



2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

#### 4.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ó padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2010*, formados una vez rematada a súa exposición polo prazo dun mes (dende a publicación do correspondente edicto no BOP núm. 51, do 17/03/2010) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2010*, coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 248.

Importe total do padrón: 8.916,00 euros.

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

#### 5º.-Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións diversas

##### 5.1.- Solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Dáse conta da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 29 de marzo de 2010, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamento para a prestación de servizos municipais nos concellos e nas entidades menores de Galicia (DOG num. 64/10, do 7 de abril)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha axuda económica para as seguintes actuacións:

A) Instalación de calefacción na Casa de Cultura e colocación de aseos e iluminación exterior no centro formativo de Santa Cruz de Ribadulla


B) Equipamento de mobiliario para o Centro da Teceira Idade de Vedra e centro formativo de Santa Cruz de Ribadulla

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde

##### 5.2.-Solicitude de subvención á Consellería de Cultura e Turismo

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura e Turismo, do 15 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, co cofinanciamento de fondos Feder (DOG num. 64/10, do 7 de abril)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para equipamento da Casa de Cultura de Santa Cruz (ascensor, megafonía e cortinas do escenario)



### 5.3.- Solicitud de subvención á Consellería de Presidencia e Administracións Públicas

Dáse conta da Orde da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, do 29 de marzo , pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia (DOG num. 64/10, do 7 de abril)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha axuda para a creación de Parque Infantil en Ponte Ulla

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde

### 6º.- Outros asuntos

#### 6.1.- Solicitud de axuda para situacións de emerxencia social

Dáse conta do citado escrito no que dona Cristina Rizo Liñares, con domicilio en San Fins de Sales, solicita unha axuda económica para dotación de condicións mínimas de habitabilidade na súa vivenda situada en Trasariz nº 16- San Fins de Sales

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, acorda concederlle unha axuda co cargo ó programa de emerxencia social por importe de mil cincocentos (#1.500,00#) euros de acordo coa ordenanza reguladora destas axudas.

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e trinta minutos

